

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROVISIÓN E REPARTICIÓN DE MENÚS DE NADAL PARA AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AGRAVADA A RAÍZ DA COVID-19



En Santiago de Compostela, o 16 de decembro de 2020

REUNIDOS

Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983, modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).


Don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e segundo o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.



Todas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para estes efectos

EXPOÑEN






I. O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a nivel de pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19). Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos, ademais de no eido sanitario, no ámbito económico e social. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

II. Aínda que os sistemas asistenciais autonómicos e locais e as medidas complementarias adoptadas polas distintas administracións tras a declaración da pandemia tentan dar resposta á maior parte das necesidades das persoas máis golpeadas polos seus efectos, todos os esforzos non abundan para satisfacer os picos de demanda de recursos de subsistencia, especialmente daquelas persoas ás que xa a pasada crise económica deixara en situación de vulnerabilidade e aquelas outras sometidas a factores de exclusión engadidos.

III. O 20 de outubro de 2020, con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia reiterou o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social. Os deputados e deputadas da Cámara son conscientes de que os impactos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19 están a intensificar a vulnerabilidade daquelas persoas que xa se atopaban nesta situación con anterioridade á pandemia, persoas e familias cos ingresos máis baixos, con traballos precarios e baixa intensidade laboral e con outros factores de risco, mais tamén que as circunstancias sobrevidas están a levar a unha situación de grave risco de pobreza a persoas que non o experimentarán ata o momento.

IV. A raíz do agravamento da crise social derivada da pandemia, as entidades de iniciativa social e particularmente aquelas que prestan o servizo de cobertura alimentos xa preparados, como as cocinas económicas ou os comedores sociais, están levando a cabo un enorme labor para dar resposta ás peticións de cada vez máis persoas que se achegan en busca de axuda. Ao mesmo tempo, as entidades e os seus usuarios vense obrigados a adoptar protocolos de seguridade sanitaria, que, no referente ao nivel de ocupación dos locais habilitados para







comer e en función da situación epidemiolóxica, van desde a redución de comensais ata o propio peche. Ante estas circunstancias a prestación da asistencia alimentaria supón un sobreesforzo económico e humano dificilmente sostible para as entidades, máis tendo en conta que a situación económica pre-covid está lonxe de se recuperar.

V. As medidas adoptadas a raíz da declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aprobada o pasado 13 de marzo na reunión do Consello da Xunta de Galicia, a posterior declaración do Goberno central de estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 do 14 de marzo e as súas sucesivas prórrogas, a Orde da Consellería do Medio Rural do 23 de marzo de 2020, tiveron consecuencias inmediatas de paralización xeneralizada das actividades económicas non esenciais, coa consecuente súbita interrupción das vías habituais de chegada ás persoas consumidoras de produtos agrogandeiros, produto fresco e da horta, que, polo tanto, implicou tamén a inmediata perda de ingresos de persoas agricultoras e gandeiras, recursos económicos imprescindibles para o sostemento de familias e explotacións no sector primario, sector que en Galicia ten unha relevancia e peso fundamental, ademais de ser o motor principal de dinamización do sector rural.

VI. Ante esta situación, por Orde do 13 de abril de 2020 a Consellería do Medio Rural puxo en funcionamento unha canle para a comercialización de produtos agrogandeiros de proximidade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co nome de Mercaproximidade, para a venda desas producións de calidade e facilmente identificables, para que as persoas consumidoras que naquel momento non podían acudir para o seu abastecemento ordinario aos mercados locais tradicionais nin consumilos directamente en establecementos de hostalaría e restauración, puidesen atopalos e identificalos con claridade nos establecementos de venda de alimentos que permanecían abertos.

VII. Ao abeiro do disposto no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril e de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería do Medio Rural veu adquirindo directamente producións de agricultores/as e gandeiros/as ou industrias de transformación de produtos agrogandeiros integrados na rede Mercaproximidade e cedeunos a comedores sociais, bancos de alimentos e centros sanitarios.

VIII. A finais de outubro, ante a tendencia ascendente da transmisión do virus e o rexistro de niveis moi preocupantes dos principais indicadores epidemiolóxicos e asistenciais, o Goberno da Nación



declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e estableceu medidas restritivas aplicables sobre a libre circulación, mobilidade xeográfica e reunión das persoas (BOE número 282: Real decreto 926/2020, do 25 de outubro). Ante a grave e excepcional situación sanitaria, é incuestionable que os efectos socioeconómicos provocados pola pandemia se prolongarán no tempo, agravando a situación das persoas en risco de exclusión e aumentando o número de familias máis desfavorecidas.

IX. As entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade poñen agora o acento na celebración do Nadal, e na necesidade de realizar actuacións concretas que permitan que as familias e as persoas en situación de vulnerabilidade poidan tamén celebrar a Noiteboa e o Nadal.


X. O Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, conscientes do traballo que están a realizar as entidades sociais e nomeadamente o labor que van desenvolver co propósito do Nadal, propoñen a posta en marcha dunha actuación conxunta entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a través da Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Rural, xunto coa colaboración da ONG World Central Kitchen, que permita realizar a entrega a través de comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas ás persoas en situación de vulnerabilidade de menús de Nadal preparados con produtos agrogandeiros galegos de primeira calidade. Esta actuación contribuirá a permitir que as familias en situación de exclusión social poidan celebrar estas datas sinaladas ao tempo que coa adquisición de produtos agrogandeiros se afianza a viabilidade dos sectores agrícola e gandeiro en Galicia.

En virtude do exposto, as partes intervenientes, desde o seu respectivo ámbito natural de competencias e segundo están representadas, establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto e finalidade da colaboración*

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Consellería de



Medio Rural é a organización dun sistema que permita a provisión e distribución, a través de entidades de iniciativa social, de menús de Nadal destinados ás persoas en situación de vulnerabilidade agravada a raíz da covid-19.

Esta colaboración ten como finalidade continuar a cooperación coas entidades de iniciativa social que realizan actuacións dos servizos de cobertura de necesidades de alimento, achegándolles menús elaborados con produtos agrogandeiros adquiridos directamente a agricultores, gandeiros e/ou industrias de transformación de Galicia xa elaborados a modo de menú e para a súa subministración en tempo de que sexan consumidos para a celebración da Noiteboa. A coordinación do proceso de elaboración dos menús e a súa distribución nos comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas beneficiarias, levarase a cabo pola ONG World Central Kitchen coa colaboración de cociñeiros e cociñeiras galegos de prestixio.

Segunda. *Suxeitos da provisión*

As estipulacións deste convenio vinculan o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Consellería de Medio Rural, de cara á concesión de subvencións en especie a entidades de iniciativa social non lucrativas, como comedores sociais, cociñas económicas e outras entidades sociais que desenvolvan actividades análogas.

As ditas subvencións rexeranse polo estipulado na disposición adicional 3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei.

Para tales efectos, as entidades sociais beneficiarias terán que cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Así mesmo, acreditarán aqueles datos que puidesen non estar actualizados no mencionado rexistro (estatutos, CIF, apoderamento do representante e NIF) ou que sexan precisos para a súa participación.




b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non encontrarse en ningunha das situacións de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estar incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

Terceira. *Compromisos das partes*

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de:

- 
1. Recadar das entidades beneficiarias a documentación segundo a cal acrediten cumprir os requisitos detallados na cláusula segunda.
 2. A Presidencia do Parlamento resolverá sobre as propostas de concesión de subministracións facilitadas pola Consellería do Medio Rural, sempre que o provedor proposto cumpra os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 3. Notificar os termos da concesión ás entidades de carácter social, para o seu coñecemento e publicidade por parte destas nos seus medios de difusión (paxina web, redes sociais, taboleiros, etc.), a obriga legal de destinar as subministracións concedidas á finalidade deste convenio, así como outras obrigas legais que procedan.
 4. Xestionar economicamente este convenio e cofinancialo xunto coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e coa Consellería do Medio Rural, nos termos da cláusula cuarta.
 5. Recadar das entidades beneficiarias o certificado de recepción dos menús subministrados.
 6. Aboar as facturas aos provedores polas subministracións acreditadas. Esta efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida ao Parlamento de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.
 7. Dar conta á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e á Consellería do Medio Rural da execución do programa en canto remate o pago comprometido. e publicitar o cofinanciamento.
- 
- 

8. Contactar cos destinatarios do programa para darlles conta da execución do programa e o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social.

As demais obrigas e compromisos asumidos polo Parlamento de Galicia neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Procurar, en coordinación coa ONG World Central Kitchen, os medios materiais e o equipo de traballo necesarios para a preparación, no Centro Superior de Hostelería de Galicia, dos menús de Nadal elaborados.
2. Supervisar, en coordinación coa Consellería do Medio Rural, a entrega en prazo no Centro Superior de Hostelería de Galicia dos produtos agrogandeiros necesarios para a elaboración dos menús.
3. Subscribir un seguro de responsabilidade civil de produto.
4. Coordinar coa ONG World Central Kitchen a intendencia necesaria para a repartición dos menús en condicións que garantan a seguridade alimentaria e de modo que permita a súa distribución en prazo aos consumidores finais dos menús.
5. Recadar das entidades beneficiarias o comprobante de recepción dos menús subministrados.
6. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
7. Publicitar o cofinanciamento.
8. Tomar coñecemento da dación de conta da execución do programa por parte do Parlamento de Galicia.

As demais obrigas e compromisos asumidos pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

A Consellería do Medio Rural asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Difundir entre as entidades de iniciativa social prestadoras do servizo de cobertura alimentaria, de conformidade co establecido no artigo 4.4 da Orde do 13 de abril, a información relativa ás axudas que constitúen a finalidade deste convenio, solicitando a súa participación.

2. Recadar de cada unha das entidades beneficiarias o número de menús que, conforme as súas estimacións, precisan para desenvolver esta acción asistencial.
3. Coordinar coa ONG World Central Kitchen os produtos precisos e as súas contías para a preparación dos menús.
4. Requiritr de entre os operadores integrados en Mercaproximidade, que cumpran os requisitos de aptitude para contratar co sector público establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os orzamentos para os distintos produtos necesarios para a elaboración dos menús demandados polas entidades beneficiarias. O importe de compra para cada provedor deberá ser inferior a quince mil euros (15.000,00€), IVE excluído.
5. Coordinar coa ONG World Central Kitchen a demanda das entidades sociais e a oferta dos provedores, tras do cal remitirá ao Parlamento de Galicia, antes do 21 de decembro, o informe-proposta da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias co seguinte detalle:
 - a. Entidade social beneficiaria (nome e CIF)
 - b. Produto e contía que se subministrará.
 - c. Provedor (nome social e CIF/NIF)
 - d. Importe total, incluídos os gastos de transporte e entrega no Centro Superior de Hostelería de Galicia.
6. Unha vez recibida a resolución da aprobación das propostas de concesión por parte do Parlamento, dar a orde de subministración a cada provedor.
7. Coordinar coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a ONG World Central Kitchen a entrega por parte dos provedores.
8. Cofinanciar este programa nos termos da cláusula cuarta.
9. Publicitar o cofinanciamento.
10. Tomar coñecemento da dación de conta da execución do programa por parte do Parlamento de Galicia.

As demais obrigas e compromisos asumidos pola Consellería de Medio Rural neste convenio serán imputables aos gastos xerais previstos nos seus orzamentos.

Cuarta. Réxime económico

O compromiso económico do Parlamento de Galicia derivado do presente convenio é de vinte e cinco mil euros (25.000,00€), con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02, denominada 'Subvencións a entidades de carácter social', do estado de gastos do exercicio 2020.

O compromiso económico da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é de quince mil euros (15.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.221.99 (código de proxecto 2015 00013).

Esta achega da Axencia Turismo de Galicia realizarase a través do pagamento das facturas emitidas polos provedores en relación a subministracións acreditadas polo citado importe máximo de 15.000 €.

Esta efectuarase unha vez presentada a factura por parte do provedor no Punto Xeral de Entrada de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixida á Axencia Turismo de Galicia, xunto co certificado da conta bancaria da súa titularidade en que facelo efectivo.

O compromiso económico da Consellería do Medio Rural é de vinte e cinco mil euros (25.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713D.221.99 (código de proxecto 2015 00612).

Para estes efectos, o presente acordo será remitido á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación de crédito na aplicación orzamentaria do Parlamento de Galicia que figura nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, coa baixa correspondente na aplicación da Consellería do Medio Rural.

Esta dotación será librada en firme ao Parlamento conforme o disposto no apartado dous da disposición adicional sétima da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.

Quinta. *Comisión paritaria de seguimento*

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actuacións previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario, unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia, unha persoa en representación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e unha persoa en representación da Consellería do Medio Rural. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, para os efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta. *Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución*

Este convenio de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio.

As partes poderán modificar os termos deste convenio de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.
- c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

A parte incumplidora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do convenio ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias a que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, a orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

Sétima. *Difusión da colaboración das partes*

O asinamento deste convenio supón o consentimento expreso de todas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Oitava. *Natureza xurídica*

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexeráse polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo. Porén, será aplicable no relativo á aptitude para contratar co sector público do provedor solicitado.

Novena. *Protección de datos de carácter persoal*

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Décima. *Transparencia e bo goberno*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade, as partes implicadas subscriben este convenio de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.


Alfonso Rueda Valenzuela,
Vicepresidente primeiro e
conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo e
Presidente da Axencia de
Turismo de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente do Parlamento de
Galicia


José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural